

CASTELLANOS DE CASTILLA

(Slow Rock)

Rafael Dovalo

$\text{♩} = 95$

Cm Fm Bb7 Eb Ab Fm G7 Cm

6 G7 Cm Eb G7 Fm G7

11 Fm Bb7 Eb C C7 Fm

16 Bb7 Eb G7 Cm G7 Eb7 3 3

21 Ab Bb Eb 3 3 Fm Bb7

26 Eb 3 3 Fm Bb7 Eb Cm Fm G7 Ab G7

31 Cm G7 Cm Eb G7

36 Fm G7 Fm Bb7 Eb C C7

41 Fm Bb7 Eb G7 Cm

46 Cm Fm Bb7 Eb Ab Fm G7 Cm

51 G7 Cm Cm6

D.S.
D.S.

“Castellanos de Castilla”, poema polémico de Rosalía de Castro

- 1.) Castellanos de Castilla tratade ben ôs galegos cando van, van como rosas cando vén, vén como negros.
- 2.) Cando foi iba sorrindo cando veu viña morrendo a luciña dos meus ollos o'amantiño do meu peito.
- 3.) Aquél máis que neve branco aquél de dosuras cheio aquél por quén eu vivía e sin quén vivir non quero.
- 4.) Foi a Castilla por pan e saramagos lle deron déronlle fel por bebida e peniñas de'alimento.
- 5.) (estribillo) Déronlle'en fin, canto amargo ten a vida no seu seo. ¡Castellanos, castellanos, tendes corazón de ferro!
- 6.) ¡Ay! No meu corazonciño xa non pode'haber contento que'está de dolor ferido que'está de loito cuberto.
- 7.) Morreu aquel que'eu quería e pra min non hai consuelo só hai para min, Castilla a mala lei que che teño.
- 8.) Permita Dios, castellanos castellanos que'aborresco que'antes os galegos morran que suplicarvos sostento.
- 9.) Pois tan mal corazón tendes secos fillos do deserto que si'amargo pan os ganan dádesllo'envolto en veneno.
- 10.) Aló van, malpocadiños todos de esperanzas cheios e volven, ¡ay!, sin ventura con un caudal de despezos.
- 11.) Van probes e tornan probes van sans e tornan enfermos que'unque'eles son como rosas tratádelos como negros.
- 12.) ¡Castellanos de Castilla, tendes corazón de'aceiro alma como'as penas dura e sin entrañas no peito!
- 13.) En trós de palla sentados sin fundamentos soberbos pensás que'os nosos filliños para serviros naceron.
- 14.) (estribillo) E nunca tan torpe'idea tan criminal pensamento coupo'en máis fátuas cabezas ni'en máis fátuos sentimentos.
- 15.) Que Castilla e castellanos todos n'un montón a eito non valen o que'unha herbiña destes nosos campos frescos.
- 16.) Sólo pesoñosas charcas detidas no'ardente suelo tés Castilla que'humedezan esos teus labios sedentos.
- 17.) Que'o mar deixóute'olvidada e lonxe de ti correron as brandas aguas que traen de prantas cen semilleiros.
- 18.) Nin arbres que che den sombra, nin sombra que preste'alento llanura'é sempre llanura deserto'é sempre deserto.
- 19.) Esto che tocou, coitada por herencia no'universo ¡Miserable fanfarrona! Triste'herencia foi por certo.
- 20.) En verdad non hai Castilla, nada como ti tan feo, que'aínda mellor que Castilla vale máis decir Inferno.
- 21.) ¡Porqué'aló foches meu ben? ¡Nunca tal houberas feito! ¡Trocar campiños floridos por tristes campos sin rego!
- 22.) ¡Trocar tan claras fontañas ríos tan murmuradeiros por seco polvo que nunca mollan as bágoas do ceo!
- 23.) (estribillo) Mais ¡ay! Onde ti te foches, sin dor do meu sentimento i'aló'a vida che quitaron aló'a mortaña che deron.
- 24.) Morreches meu queridiño e pra min non hai consuelo que'onde antes eu te vía, xa só unha tomba vexo.
- 25.) Triste como'a mesma noite farto de dolor no peito píddolle'a Dios que me mate porque xa vivir non quero.
- 26.) Mais en tanto non me mata castellanos que aborresco hei para vergoña vosa heivos de cantar xemendo.
- 27.) Castellanos de Castilla tratade ben ôs galegos cando van, van como rosas; cando vén, vén como negros.

El texto amarillo para recitar.